

VIERNES, 11 de febrero de 2011

REPORTAJE: LUCES

## As costuras do galego

A Academia promove a redacción da primeira gramática oficial da lingua - O texto será antes descritivo das variedades que prescritivo das opcións

TERESA CUÍÑAS | 11 FEB 2011

Tres anos para saldar unha débeda histórica. Ese é o prazo establecido pola Real Academia Galega (RAG) para a publicación da primeira gramática oficial do idioma, máis de cen anos despois da fundación da institución da Rúa Tabernas. Alén da importancia instrumental e simbólica da obra, o proxecto conveniado a finais do pasado mes pola Academia e a Universidade de Santiago de Compostela, que se encargará do traballo a través do Instituto da Lingua Galega, para súa elaboración dá cumprimento a un dos obxectivos fundacionais da institución científica constituída en 1906 grazas, en boa medida, ao entusiasmo vital e económico dun feixe de galegos emigrados a Cuba, coa finalidade de ser motor e garante do rexurdimento cultural de Galicia, nomeadamente, a través da lingua. De feito, a elaboración dunha gramática e dun dicionario constan no seu regulamento primitivo. O horizonte que soñou Manuel Murguía, o seu primeiro presidente até 1923, achégase, e as tarefas inmediatas que se prescribiu o actual presidente, Xosé Luís Méndez Ferrín, nada máis tomar posesión en xaneiro de 2010.

"Piñeiro freou no seu día un intento, non había expertos", lembra Álvarez

A Lei de Normalización Lingüística (1983) concedeu á RAG carácter de autoridade lingüística e capacidade para fixar unha norma. "A Academia Galega realizará cantos estudos lingüísticos e literarios foren necesarios, para, en cada momento, establece los criterios idiomáticos que configuren a norma culta do idioma", reza os novos estatutos da RAG aprobados en 2001 e que, asemade, recollen os mandatos da Asociación Iniciadora e Protectora da Academia na Habana na que, no albor do século XX, militaba Manuel Curros Enríquez.

"Unha gramática non salva unha lingua, pero é síntoma de normalidade"

Logo da aparición de varios compendios de correspondencias léxicas co castelán (1913-1928, 1926), o primeiro dicionario oficial aparece en 1990, Dicionario da lingua galega, escrito en colaboración co ILG, centro de investigación lingüística da Universidade compostelá creado en 1971, no que hogano recae a encomenda para a confección dunha "gramática descritiva do galego actual e que sirva para difundir o estándar".

A tarefa de formular unha norma para o idioma galego, demorada respecto do contexto xeral das linguas románicas, debeuse á suma de vontades persoais de autores que actuaron en épocas de restauración cultural, social ou política: desde a Gramática gallega (1868) de Saco Arce, texto inaugural desta tradición gramatical en tanto que estudo completo da linguaxe, até as monografías de Manuel Lugrís Freire (1922), Antonio Couceiro Freijomil (1935) e mesmo Ricardo Carvalho Calero (1966). Con todo, precursores houbo. Na altura do século XVIII, o Pai Sarmiento advertía a ausencia de especulación científica sobre o galego, preocupación que reflicte Rosalía no prólogo de Cantares Gallegos (1863) ao reclamar a indulxencia do lector perante os posíbeis

"defectos" do libro, precisamente, por carecer a autora dunha gramática. A lingüística moderna alumea as achegas recentes, como a Gramática Galega, de Rosario Álvarez Blanco, Henrique Monteagudo e Xosé Luís Regueira (Galaxia, 1986) e os catro volumes publicados por Xosé Ramón Freixeiro Mato (A Nosa Terra, 1998-2003), entre outras.

A institución encargada de velar polo idioma posicionouse coa produción, en 1970, das Normas ortográficas do idioma galego. A prol da normativización, en 1982 apareceron as Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, da Academia e do ILG, modificadas en 1995 e 2003 e revisadas en 2005. Como sinalou o profesor da Universidade da Coruña, Xosé Manuel Sánchez Rei, agás casos concretos como o de Saco Arce, na tradición gramatical galega anterior á segunda metade do século XX "chama a atención a escaseza de fundamentación filolóxica", debida en parte, segundo razoa, á "escasa preparación da maior parte dos autores".

"Ramón Piñeiro freou, no seu día, un intento de elaborar a grámatica da RAG alegando que o galego non estaba o suficientemente estudado, o que non garantía o éxito do traballo", evoca a lingüista Rosario Álvarez, directora do ILG e coordinadora do equipo redactor da gramática oficial, que completan os investigadores Ernesto González Seoane, Xosé Luís Regueira, Xosé Xove e Francisco Cidrás. Despois de catro décadas de actividade do ILG tamén na documentación e no rexistro das diversas falas que coexisten no galego e de varias promocións de filólogos no país desde 1965, o contexto científico mudou substancialmente.

"Agora temos bos investigadores e recursos para a análise e coñecemos a riqueza do idioma mesmo nas súas etapas históricas ata un punto que era inconcebible nos anos sesenta e setenta", di Álvarez. Aínda que o anuncio chegue neste intre, o grupo conta con camiño andado, posto que comezou a desenvolver o traballo por encargo de Francisco Fernández del Riego contra o final da súa época á fronte da RAG. Os seus sucesores, Xosé Ramón Barreiro e Xosé Luís Méndez Ferrín, na actualidade, perpetuaron esa vontade.

Daí que calculen que en tres anos poida saír do prelo unha obra que atenderá, como se agarda, a cuestións fonéticas, de ortografía, morfoloxía, sintaxe e estrutura da información, léxico e formación de palabras e semántica. Pensada para que o usuario poida resolver dúbidas frecuentes e, consonte aos tempos e ás pautas de estudo contemporáneas, antes descritiva das variedades que prescritiva dunha única das opcións. Isto é, non só evitará sancionar o que é ou non correcto, senón que propondrá "orientar os usos que a Real Academia Galega considera aceptables no galego estándar, e vaise diferenciar doutras gramáticas por tomar en consideración aspectos sobre os que se dubida, pero haberá poucas ou ningunha condena explícita". O corpus dos falantes de toda Galicia, atesourado polo Instituto da Lingua Galega, mais a lingua literaria achegarán os casos prácticos que ilustrarán as teorizacións. Acadar unha descrición útil aos usuarios é o fundamento da obra. "Unha gramática non salva a unha lingua, pero é un signo de normalidade e de normalización", conclúe Rosario Álvarez.

## Un mapa para unha lingua viva

Os escritores e os tradutores que crean unha lingua e os docentes que transmiten un idioma están entre os destinatarios da nova gramática. Para eles, unha gramática institucional constitúe unha ferramenta de traballo.

"Este tipo de información está moi disperso e é pouco accesíbel para quen non sexa un especialista", apunta a profesora do IES O Ribeiro (Ribadavia), Ana Salgado, quen valora a aplicación ao ensino da inserción das variedades dialectais cabo do

coñecemento do estándar. "É fundamental que exista unha obra de referencia, mesmo se é para discrepar dela", sostén Lara Domínguez Araújo, profesora do departamento de Tradución e Lingüística da Universidade de Vigo. Domínguez sinala a necesidade de manuais que acheguen unha visión rigorosa e á vez práctica do galego.

Á caixa do correo da Academia Galega poderían dirixirse suxestións como a da tradutora María Alonso verbo da elaboración dun dicionario de uso "para atopar equivalencias onde non procede a tradución simultánea". Neste senso, e a pesar dos existentes, a edición do "grande dicionario" da lingua galega é outra materia pendente da RAG, segundo Freixeiro Mato, profesor de Filoloxía da Universidade da Coruña.

Para o conxunto da sociedade, tamén é un acto simbólico que prestixia ao galego. "O saber sobre a lingua é acaso o máis democrático dos saberes: todas as persoas temos un coñecemento intuitivo do xeito no que usamos a lingua. O éxito desta gramática virá dado da súa capacidade para facernos aínda máis conscientes deses usos", reflexiona a escritora e filóloga María do Cebreiro Rábade quen, alén da consolidación do estándar, tamén propón "crear entre todos mecanismos que aseguren e incrementen a valoración social do idioma. Ao cabo, hai gramáticas de linguas mortas e linguas vivas sen gramáticas".